



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Aprobación da oferta de emprego público do exercicio 2025

EDICTO

Mediante Resolución desta Alcaldía 675/25, de data 30.07.2025, aprobouse a oferta a oferta de emprego público deste concello para o ano 2025, co seguinte detalle:

1.- PERSOAL FUNCIONARIO

Denominación	Subgrupo	Escala	Subescala	Quenda	Prazas
Administrativo/a	C1	Administración xeral	Administrativa	Libre	1
Administrativo/a Informático/a	C1	Administración xeral	Administrativa	Libre	1
Técnico/a de Admón. Xeral	A1	Administración xeral	Técnica	Promoción interna	1
Técnico/a de Xestión	A2	Administración xeral	Xestión	Promoción interna	1
Administrativo/a	C1	Administración xeral	Administrativa	Promoción interna	1
Técnico/a Local de Emprego e Servizos	A2	Administración especial	Técnica	Funcionarización	1
Axente de Desenvolvemento local	A2	Administración especial	Técnica	Funcionarización	1
Arquitecto/a Técnico/a	A2	Administración especial	Técnica	Funcionarización	1

2.- PERSOAL LABORAL FIXO

Denominación	Subgrupo	Escala	Subescala	Quenda	Prazas
Administrativo/a	C1	Administración xeral	Administrativa	Promoción interna	1

De conformidade co disposto no artigo 20 da vixente Lei de orzamentos, o prazo máximo para a convocatoria das prazas será de tres anos a contar dende a data de publicación da oferta de emprego.

De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso –administrativa, contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, contados a partires do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición non se poderá interpoñer o contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

Vedra, 30 de xullo de 2025

O Alcalde

Asdo. Carlos Martínez Carrillo